

# Área de Igualdade da Deputación Provincial

## “8M, Mes a Mes”

### **Montse Estévez Varela, unha vida contada a través da radio**

Hai voces que informan, voces que acompañan... e voces que abren camiños. No marco do programa “8M, Mes a Mes” da Área de Igualdade da Deputación Provincial, e coincidindo co Día Mundial da Radio, rendemos homenaxe a unha desas profesionais cuxa traxectoria é sinónimo de constancia, vocación e humanidade: Montse Estévez Varela.

Falar de Montse é falar de radio en estado puro. A súa historia co micrófono comezou cando apenas tiña vinte anos. Deu os seus primeiros pasos en Radio Cadena Española (hoxe Radio Nacional de España), onde empezou poñendo música da man de Carlos Pérez. Aquela primeira oportunidade non só marcou o inicio da súa carreira, senón tamén o nacemento dunha vocación que xa nunca a abandonaría.

O seu percorrido profesional continuou en Radio Minuto (da extinta Ondas Galicia), emisora na que asumiu diferentes responsabilidades e foi medrando a medida que o facía a súa experiencia. Máis tarde, formou parte do equipo de Onda Cero durante catro anos, unha etapa clave para a súa consolidación como comunicadora. Cada emisora foi sumando aprendizaxes, retos e, sobre todo, persoas que deixaron pegada.

Montse lembra ese camiño cunha mestura de emoción e gratitude. Fala do compañeirismo, das risas compartidas nos estudos, da xenerosidade entre profesionais e do valor humano que, asegura, foi sempre o verdadeiro motor da súa traxectoria. Para ela, a radio nunca foi só un traballo: foi, e é, un espazo de encontro.

Tamén desenvolveu o seu labor en Radio Voz, onde foi locutora do programa en galego *Abrindo Portas*, e ampliou a súa experiencia no ámbito audiovisual traballando durante dous anos en Telemiño. Porén, o capítulo máis longo e estable da súa carreira comezou hai vinte e cinco anos, cando se incorporou a Radio COPE (Ábside Media), emisora na que continúa hoxe a súa carreira profesional.

De pequena quería ser presentadora de Eurovisión e no colexio pedía ser presentadora dos festivais; agora tras case catro décadas de profesión, Montse resume a súa traxectoria dicindo que a radio é a súa vida. Destaca que é esencial manter a amabilidade, a elegancia e a humanidade co oínte. Mantén que os profesionais da radio, coa súa voz, deben ser capaces de atravesar e chegar a outras persoas, non para manipular, senón para convidar a transitar pola vida, polo día a día e polo traballo con conciencia, honestidade e profundo agradecemento.

Nun medio que evoluciona a gran velocidade, a súa figura representa a esencia da

comunicación: proximidade, respecto e compromiso. Montse Estévez Varela non só construíu unha carreira sólida e exemplar, senón que demostrou, día tras día, que a profesionalidade tamén se mide en calidez, ética e vocación de servizo.

Porque hai voces que se escoitan... e outras, como a súa, que se senten.



Imagen: Montse Estévez

#igualOuU